

IN MEMORIAM

Cedeira 1936 - 2010

O dramático alzamento militar do 36, que pola forza do terror derrubou a legalidade democráticamente establecida, abriu unha profunda ferida colectiva que continúa



supurando, actuando coma un tabú co que pretenden amedrentarnos se apenas ousamos nomealo. E porén, para podermos pechala definitivamente é necesario ollarmos de fronte a nosa historia, aínda que iso nos arrebate as derradeiras bágoas, tanto tempo contidas.

A nós, que non somos fascistas, que somos demócratas, non nos move o afán de vinganza, senón o espírito de xustiza.

“Ao solpor, un feixe de mulleres da vila chegaronse ata a fábrica con cestos de comida: pan, ovos cocidos, peixe frito, queixo e froita do país. Pouco despois soubemos que en Cedeira, nos primeiros días da insurrección, foran fusilados dúas ducias de demócratas.”

Logo da retirada daquel vergoñento monólito levantado en honor do ditador, máximo responsable do máis cruel e terrible episodio vivido polo noso pobo, unímonos hoxe para reivindicar a Paz e a Liberdade nesta homenaxe -dolorosamente tardía pero necesaria- aos detidos, aos “paseados”, aos fusilados, aos encarcerados na vella fábrica conserveira convertida en campo de concentración... a todos e todas os represaliados por aquel réxime execrable.



A primeira imaxe é un fragmento do “Guernica” de Picasso. O bombardeo de Guernica (Euskadi, 26 de abril de 1937), foi o primeiro ataque aéreo da historia realizado sobre poboación civil. Denominado en clave como *Operación Rügen*, executárono a Lexión Cóndor alemá e a Aviación Lexionaria italiana coas que, respectivamente, Hitler e Mussolini prestaban apoio a Franco.

O texto que figura entre aspas é un extracto -traducido ao galego- do libro *Asturias: catorce meses de guerra civil*, de Juan Antonio Cabezas, xornalista, confinado no campo de concentración de Cedeira de novembro do 37 ata outubro do 38. Estivo condenado a morte por ter colaborado co periódico socialista *Avance*. Finalmente, foille conmutada a pena pola de 40 anos de cárcere. A malfadada lista dos fusilados de Cedeira encabezábaa o alcalde Manuel Fernández Freijeiro, seguido doutros membros da corporación municipal e de persoas de recoñecidas ideas progresistas.

A segunda imaxe é unha montaxe sobre a pomba da Paz, tamén de Picasso.